

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, CON REFERENCIA 2019/CP/148, PARA UN COLABORADOR/A PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 23 DE AGOSTO DE 2019

De acordo coa acta do Órgano de Selección da convocatoria de contratación con referencia 2019/CP/148, para un colaborador/a para desenvolver tarefas de administración e xestión do Campus Industrial de Ferrol, publícase esta resolución:

O 23 de agosto do 2019, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a administrativo/a a tempo completo (Ref. 2019/CP/148), destinado á colaboración para desenvolver as tarefas do convenio do Campus Industrial que inclúe á administración, xestión, coordinación e xustificación das actividades do convenio, organización de eventos e apoio á xestión de grupos.

1. O Órgano de Selección constituíuse na Sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 13 de setembro de 2019.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D.ª Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, presidenta
 - D.ª María Jesús Caínzos López, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña, secretario
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o Órgano de Selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou unha maior puntuación:

TOJO VILLANUEVA, ANDREA, DNI *95311****

4. O Órgano de Selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamacións ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social no prazo de dous días que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 23 de setembro de 2019

A presidenta do Órgano de Selección

Araceli Torres Miño